

*Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007*

O Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo (DOG do 31) que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade.

De acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998 e ao abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, co propósito de garantir a unificación dos criterios que regulan o desenvolvemento das actuacións dos servizos de orientación nas ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, estas direccións xerais ditan, para o curso 2006-2007, as seguintes instrucións:

***Priemeira.- Liñas prioritarias de actuación***

Sen prexuízo do establecido na normativa vixente respecto aos proxectos educativos dos centros, así como nos plans de actuación dos departamentos de orientación e dos equipos de orientación específicos, estes servizos priorizarán para o curso 2006-2007, en función do seu contexto, actuacións que se enmarquen dentro dos seguintes ámbitos:

1. Actuacións que teñan como obxecto a **atención a toda a diversidade** presente nos centros educativos, en consonancia co establecido na Lei orgánica de educación, que a converte nun dos seus eixes fundamentais e en particular no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo a través da:

- a. Identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado.
  - b. Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión no sistema educativo, especialmente daquel con necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.
  - c. Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios enunciados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
  - d. Asesoramento aos departamentos didácticos e aos equipos de ciclo para que nas respectivas programacións se contemplen distintos niveis de dificultades que dean resposta á diversidade presente nas aulas.
  - e. Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
2. Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do **plan de acción tutorial**, en especial o asesoramento referido a:
- a. Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.
  - b. Aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial, entre outros, criterios para a adxudicación das titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.

- c. Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.
3. Actuacións en relación á **promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural.
- a. Colaboración na diagnose sobre o estado da convivencia no centro en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma: dinamización da xunta de delegados, mediación escolar, negociación das normas de convivencia, titorización entre iguais. Así mesmo, asesoramento na elaboración, seguimento e avaliación de plans de mellora da convivencia.
  - b. Participación na revisión do proxecto educativo de centro, con especial atención aos principios dunha educación democrática e igualitaria, e de valores tales como solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible.
  - c. Colaboración na revisión e actualización dos regulamentos de réxime interior, incidindo na incorporación neles de medidas de compensación de faltas que supoñan un servizo á comunidade.
  - d. A participación na elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.
4. Actuacións referidas á **formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación.**
- a. Colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.

- b. Participación na formación permanente dos orientadores e orientadoras, nas diferentes modalidades formativas, así como en proxectos europeos de mobilidade.
  - c. Participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., que estea a disposición do profesorado do centro para a súa consulta.
5. Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa:
- a. Dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, da implicación activa das familias nos órganos de participación do centro e das Asociacións de Nais e Pais do Alumnado.
  - b. Colaborar na creación e desenvolvemento das escolas de pais.
6. Actuacións que fomenten a **igualdade no acceso á formación profesional**, mediante:
- a. O establecemento de accións específicas dirixidas a reducir as desigualdades derivadas de condicionantes de xénero, lugar de residencia, orixe, etc.
  - b. A promoción de accións de colaboración, especialmente as relacionadas coa igualdade no acceso ás referidas ensinanzas, entre os servizos de orientación dos centros educativos e os de ámbito laboral, por zonas educativas ou comarcas.
7. Actuacións relacionadas co **fomento da cultura emprendedora e o autoemprego**:
- a. A través de accións nas diferentes áreas, módulos e materias do currículo cun tratamento transversal.

- b. A participación dos centros educativos en campañas de sensibilización, concursos de ideas, proxectos empresariais e talleres de formación para o fomento do autoemprego.
8. Actuacións en relación á etapa de **transición da formación ao mundo laboral** ou viceversa:
- a. Atención preferente ao alumnado que finaliza un ciclo medio ou superior, un programa de garantía social, alumnado con necesidades específicas asociadas a discapacidade ou deprivación sociocultural, así como persoas adultas que volven ao sistema educativo para completar ou actualizar a formación inicial.
  - b. Colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado que finaliza ensinanzas de formación profesional inicial.
9. Actuacións relacionadas co **asesoramento ás persoas adultas** sobre as diferentes oportunidades de aprendizaxe e de inserción laboral, incidindo principalmente nos seguintes colectivos:
- a. Rapaces e rapazas menores de idade que non conseguiron a titulación básica e seguen ensinanzas de adultos para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria.
  - b. Xoves menores de idade que seguen programas de garantía social en centros de adultos e que buscan a inserción no mundo laboral.
  - c. Xoves maiores de idade e persoas adultas, sen o título básico, e que teñen como obxectivo a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria para mellorar a súa empregabilidade.
  - d. Persoas adultas de idade media e avanzada, maioritariamente mulleres, que precisan formación básica, sexa alfabetización, niveis equivalentes á educación primaria, ou formación non regrada.
  - e. Persoas inmigrantes que demandan a aprendizaxe das linguas galega e castelá como medio de integración social e laboral.

- f. Persoas adultas que desexan recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou doutras vías formais e non formais de aprendizaxe.
10. Actuacións que teñan por obxecto **asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial** (condicións de acceso, características, titulacións e oferta educativa).

Os equipos de orientación específicos e os departamentos de orientación adaptarán para os seus respectivos ámbitos de actuación as liñas prioritarias anteriores, e serán o referente para o deseño dos seus respectivos plans anuais.

### *Segunda.- Equipos de orientación específicos*

A singularidade dos equipos de orientación específicos e a súa consideración de profesionais cunha alta cualificación técnica, convértenos en elementos imprescindibles no asesoramento externo aos centros educativos. Polo tanto, sen prexuízo das funcións enumeradas anteriormente, estes equipos deberán:

1. Prestar asesoramento ao labor dos centros educativos a través dos departamentos de orientación, os equipos directivos e os equipos docentes:
  - a. Colaborando co profesorado titor e dando respostas ás súas demandas e necesidades.
  - b. Prestando apoio e materiais específicos para poñer en práctica as respostas educativas do alumnado, especialmente daquel con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Incidir no fomento da colaboración interinstitucional e na coordinación das actuacións derivadas da relación entre as diversas instancias que interveñen na atención dun mesmo alumno ou alumna. Incidir, así mesmo, na coordinación

entre o especialista de orientación vocacional e profesional cos orientadores laborais da súa provincia.

3. Establecer canles de colaboración cos centros de formación e recursos da súa zona no seu ámbito das súas respectivas especialidades.

### *Terceira. Avaliación e memoria final*

1. A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final. Os departamentos de orientación remitirán aos centros que teñan adscritos, cando menos, as partes da memoria anual que lles afecten.
2. Na memoria anual dos equipos de orientación específicos incluírase, ademais, un resumo global no que se recollerán os datos referidos ao tipo de intervencións realizadas.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2006

A Directora Xeral de Ordenación e  
Innovación Educativa

O Director Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

M<sup>a</sup> José Pérez Mariño

Antonio Vázquez Vázquez